



↑ O agente secreto: Kleber Mendonça Filho. ESTREIA 20 FEB

# NUMAX PRESENTA:

98 | FEBREIRO 2026



Librería



## *Literatura lusófona*

Durante o mes de febreiro chegarán libros en portugués que tiñamos moitas ganas de ler. Este é un pequeno resumo do que poderedes atopar na nosa librería.




**Jóquei**  
Matilde Campilho  
TINTA DA  
CHINA | 15,60€




**O livro do Joaquim**  
Daniel Faria  
ASSIRIO &  
ALVIM | 15,82€



**Adrenalina**  
Filipa Leal  
ASSIRIO &  
ALVIM | 14,70€



**Choupos**  
Adília Lopes  
ASSIRIO &  
ALVIM | 14,70€



**A Sibila**  
Agustina Bessa-Luís  
RELÓGIO  
D'ÁGUA | 33,33€



**O lustre**  
Clarice Lispector  
RELÓGIO  
D'ÁGUA | 24,44€



**Eu sou vós mesmos**  
Clarice Lispector  
ATRAVÉS | 17,00€




**Agora e na hora da nossa morte**  
Susana Moreira Marques  
TINTA DA  
CHINA | 12,66€



**O livro das  
comunidades**  
María Gabriela  
Llansol

ASSIRIO &  
ALVIM | 14,70€



**Grande Sertão:  
Veredas**


João Guimarães  
Rosa

COMPANHIA DAS  
LETRAS | 37,60€



**A Invenção  
do Cinema  
Português**  
Tiago Baptista

TINTA DA  
CHINA | 43,58€



**A educação  
sentimental  
dos pássaros**  
José Eduardo  
Agualusa

DOM QUIXOTE  
| 22,36€

**Eventos | Fevereiro 2026**

**MÉRCORES 20 DE FEBREIRO ÀS 19H**

Presentación de *Depósito de ancestralidade* (LAIOVENTO) de **Pablo Pesado**. O autor estará acompañado pola docente e investigadora **Helena Miguélez**.

**MÉRCORES 25 DE FEBREIRO ÀS 19H**

Presentación de *Agora non é antes* (GALAXIA) de **Antón Baamonde**. O autor estará acompañado por **Marga Tojo** e **Antón Losada**.

**XOVES 26 DE FEBREIRO ÀS 19H**

Presentación de *Literatura, lengua y lugar* (ANAGRAMA) de **Jaume Subirana**.



# NUMAX NA ESCOLA

**PROXECCIÓNS  
EDUCATIVAS  
PARA INFANTIL,  
PRIMARIA,  
SECUNDARIA  
EBACHARELATO.**

Infórmate en  
[numax.org/na-escola](http://numax.org/na-escola)  
[escola@numax.org](mailto:escola@numax.org)

**Filme do mes:**



**O AXENTE SECRETO** ESTREA 20 FEB

**Kleber Mendonça Filho, 158', PT, VOSE, +16**

Con Wagner Moura, Udo Kier

En 1977, durante a ditadura militar brasileira, Marcelo, un profesor que foxe dun pasado turbulento, regresa á cidade de Recife, onde espera construír unha nova vida e reencontrarse co seu fillo. Axiña se decata de que a cidade está lonxe de ser o refuxio que busca, que as forzas gobernamentais o perseguen e que a súa vida corre perigo.

Vibrante thriller político coa ditadura militar como pano de fondo que está a conquistar festivais de todo o planeta, incluídos os recentes Globos de Ouro a mellor actor dramático para Wagner Moura e mellor filme de fala non inglesa.

🏆 **Mellor dirección, actor  
e Premio FIPRESCI – Cannes 2025**




**i** Presentación e coloquio  
31XAN | 5 FEB

### 360 CURVAS

**ESTREA 31 XAN**

**Alejandro Gándara, Ariadna Silva  
Fernández, GAL, VO, 82'**

360 curvas marcan a distancia que separa A Fonsagrada de Lugo. Este camiño longo, difícil e descendente entre montañas reflicte o declive dun lugar que, a comezos dos anos 90, decidiu loitar pola súa supervivencia..



### A TORTA DO PRESIDENTE

**ESTREA 6 FEB**

**Hasan Hadi, 102', ÁR, VOSE, +12**

Con Banin Ahmad Nayef, Sajad Mohamad Qasem

Iraq, anos noventa. A pequena Lamia recibe a misión de preparar unha torta de aniversario de Saddam Huseín. Acompañada polo seu amigo Saeed e co seu galo Hindi ao lombo, percorre Bagdad en busca dos ingredientes, vivindo unha serie de peripecias que alterarán por completo a súa vida cotiá.

**🏆 Mellor opera prima e Premio do público –  
Quincena dos Cíneastas Cannes 2025**




### TRES ADEUSES **ESTREA 6 FEB**

**Isabel Coixet, 122', IT, VOSE**

Con Alba Rohrwacher, Elio Germano

Tras o que parecía unha discusión sen importancia, Marta e Antonio sepáranse. El, un chef prometedor, refúxiase nos seus fogóns; ela, no seu silencio, empeza a notar algo máis que tristura: perdeu o apetito... e non é só por desamor.

**🏆 Sección oficial – SEMINCI 2025**



### LITTLE AMÉLIE **ESTREA 12 FEB**

**Mailys Vallade, Liane-Cho, Han Jin  
Kuang, FR, VOSE/VE, 77', TP**

Amélie é unha nena belga nacida en Xapón. Grazas á súa neneira Nishio-san a vida é todo aventuras e descubrimentos. Pero no seu terceiro aniversario sucederá algo que o mude todo, iniciando unha serie de acontecementos que marcarán a súa vida e darán forma á súa maneira de entender o mundo..

**🏆 Premio do Público Donostia 2025**



**i** Presentación e coloquio  
coa directora | 21 FEB

## AS LIÑAS DESCONTINUAS

**ESTREA 20 FEB**

**Anxos Fazáns, 90', GAL, VOSE**

Con Mara Sánchez, Adam Prieto

Bea, de 50 anos en proceso de divorcio, e Denis, un mozo trans de 28 anos que loita contra a precariedade laboral coñecense fortuitamente. O encontro transformará a súa vida para sempre.

**🏆 Premio DAMA a mellor guión — Xixón 2025**



## SORRY, BABY **ESTREA 27 FEB**

**Eva Victor, 104', ING, VOSE**

Con Eva Victor, Naomi Ackie

A Agnes pasoulle algo malo. Pero a vida continúa... cando menos para todos os que a rodean. Cando a visita unha querida amiga en véspera dun momento importante, Agnes empeza a decatarse do estancada que estivo e comeza a traballar en como seguir diante.

**🏆 Mellor guión — Sundance 2025**

**Mellor actriz — SEMINCI 2025**



## ORWELL: 2+2=5 **ESTREA 27 FEB**

**Raoul Peck, 119', FR, VOSE**

George Orwell predicciu un futuro autoritario e arrepiante. O aclamado director Raoul Peck (*I Am Not Your Negro*) entrelaza clips, lecturas do diario de Orwell, referenzas cinematográficas e imaxes actuais para crear non só un retrato do escritor, senón tamén unha nova perspectiva sobre o profética que virou a súa obra.

**🏆 Perlak — Donostia 2025**

## Os ollos verdes



## CARTA BRANCA: SABRINA FERNÁNDEZ CASAS **PASE ÚNICO 22 FEB**

A cineasta galega Sabrina Fernández Casas presenta a súa curta *Albaroque* (14'), gañadora do premio NUMAX Exhibición no Festival Intersección da Coruña, e acompañaa de dúas curtas seleccionadas e presentadas por ela: *O monte é noso* (35'), de Llorenç Soler, e *Habitar* (14'), de Anxos Fazáns.

## Foco Kleber Mendonça Filho



### ESCOLMA DE CURTAMETRAXES

PASE ÚNICO 3 FEB

**Kleber Mendonça Filho, 89', PT, VOSE**

Dedicado ao director d'O axente secreto inclúe varias pezas curtas inéditas en salas españolas: *Vinil Verde* (2004), *Electrodoméstica* (2005), *Noite de Sexta Manhã de Sábado* (2006), *Recife Frio* (2009) e *A Copa do Mundo no Recife* (2015).

### RETRATOS FANTASMA

PASE ÚNICO 17 FEB

**Kleber Mendonça Filho, 93', PT, VOSE, 2023**

Unha viaxe multidimensional a través do tempo, o son, a arquitectura e o cinema, ambientado en Recife, un territorio urbano examinado a través das grandes salas de cinema que serviron como espazos de convivencia durante o século XX.

🎬 Special Screenings — Cannes 2023



## Centenario Rafael Azcona



### LA PRIMA ANGÉLICA

PASE ÚNICO 10 FEB

**Carlos Saura, 102', ESP, VO, 1974**

Con José Luis López Vázquez, Lina Canalejas

Luis, solteiro e de mediana idade, viaxa desde Barcelona para enterrar a súa nai e alóxase na casa onde pasou o verán de 1936 coa súa tía Pilar. Alí rememora a súa infancia e especialmente o amor que sentía pola súa curmá Angélica.

🎬 Sección Oficial — Cannes 1962



📍 Presentación de Xoán Fernández Diz (Cineclub de Cangas)

### EL VERDUGO PASE ÚNICO 24 FEB

**Luis García Berlanga, 90', ESP, VO, 1963**

Con José Isbert, Nino Manfredi, Emma Pennella

José Luis, o empregado dunha funeraria, proxecta emigrar a Alemaña para se converter nun bo mecánico. A súa noiva é filla de Amadeo, un verdugo profesional. Cando este os sorprende na intimidade, obrígaos a casar.

🎬 Premio FIPRESCI — Venecia 1963

---

## Petís Numax



### **BILLY O HÁMSTER COWBOY**

**PASES ÚNICOS 7-8 FEB**

**Caroline Murrell / Antoine Rota, 67', VESE, +3**

Billy é un hámster de gran corazón que soña con se converter nun verdadeiro cowboy. Pero que é o que precisa para cumprir o seu soño? Primeiro de todo, uns compañeiros intrépidos: o verme Jean-Claude e a furonciña Suzie serán os seus mellores aliados. Adaptación dos libros de Catharina Valckx, nas cales destacan os valores da amizade e a solidariedade.

---

## Premio Cine Europeo Liv Ullmann



### **PAIXÓN**

**PASE ÚNICO 2 FEB**

**Ingmar Bergman, SV, VOSE, 100', 1969**

Con Liv Ullmann, Max von Sydow

Andreas, un home desconectado do mundo despois do seu divorcio, retírase a vivir a unha pequena illa do Báltico. Alí coñece unha parella de artistas que está en plena desintegración e unha moza e inestable viúva. Unidos pola dor da perda e a desconexión emocional, ambos inician unha relación.

---

## In memoriam Béla Tarr



### **ALMANAQUE DE OUTONO**

**PASE ÚNICO 19 FEB**

**Béla Tarr, 119', HUN, VOSE, 1984**

Con Hédi Temessy, Erika Bodnár

Unha muller anciá é dona do apartamento no que vive co seu fillo. A muller está enferma e unha moza enfermeira, acompañada polo seu mozo, mudouse con ela para administrarlle as inxeccións.



**NUMAX 10**

numax.org

  @numaxcoop



**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocínio de

**AAAAAA Agência**  
**GGGGG Gráfica**